

3 A FORMACIÓN DE POSGRAO

3.1 PRESENTACIÓN DO CAPÍTULO

3.2 DEFINICIÓN DO CONCEPTO DE POSGRAO

3.3 PANORÁMICA XERAL DA FORMACIÓN DE POSGRAO EN ESPAÑA

3.4 PERSPECTIVAS DE FUTURO DA FORMACIÓN DE POSGRAO

3.1 PRESENTACIÓN DO CAPÍTULO

O concepto de formación de posgrao é moi difuso. A crecente demanda de formación de posgrao por parte das empresas e o atractivo que para titulados e profesionais con experiencia ten o feito de que este nivel de formación sexa asociado a maiores oportunidades de carreira profesional favoreceron a creación de diferentes tipos de programas en todas as áreas de coñecemento, impartidos tanto por universidades como por escolas de negocios, centros de formación privados, fundacións, institutos de estudos e outras organizacións, tanto públicas como privadas.

Por isto, antes de entrarmos a analizar as necesidades das empresas, neste capítulo trataremos de definir o concepto de posgrao e a situación actual e perspectivas futuras deste tipo de formación.

3.2 DEFINIÇÃO DO CONCEPTO DE POSGRAO

En xeral, o posgrao pode definirse como o período de formación realizado tras obter unha titulación universitaria. En España non existe unha regulación oficial da formación de posgrao non doutoral, a excepción dun convenio interuniversitario², un texto de regulación moi amplo e flexible, ao que se acollen a maioría das universidades e que fai referencia aos diferentes tipos de cursos de posgrao impartidos polas universidades.

Os programas que regula este convenio son:

- Máster ou magíster universitario
- Especialista universitario
- Diploma de posgrao
- Experto universitario

En calquera caso, este convenio non supón prexuízo ningún para outros cursos que se organicen desde calquera departamento, facultade ou escola universitaria e que non estean recollidos nel. Así, ao ter a formación de posgrao o carácter de "títulos propios" e ser unha formación non oficial que depende directamente de cada universidade, é a propia universidade quen organiza e desenvolve os distintos tipos de cursos, que poden denominarse de formas diferentes ás enriba citadas.

A característica común a todos eles é que están orientados á aplicación profesional dos coñecementos teóricos adquiridos nas distintas titulacións universitarias, de forma que, mediante un enfoque eminentemente práctico, cubran as demandas sociais en determinadas áreas e especialicen ou actualicen aos titulados nun determinado campo profesional.

² Convenio interuniversitario sobre estudos de posgrao, conducente a títulos propios das universidades.

Un requisito imprescindible para acceder á formación de posgrao é ter unha titulación universitaria, malia que, en casos excepcionais, pódense admitir persoas sen titulación pero cunha ampla acreditación profesional no campo das actividades propias do curso.

Máster ou magíster universitario

- Para acceder a estes necesítase ter unha titulación de licenciado universitario, enxeñeiro ou arquitecto, aínda que en determinados casos fanse excepcións con titulados de primeiro ciclo.
- A duración é de, como mínimo, un ano, e o número mínimo de horas é de 500 (50 créditos). Son os programas de maior nivel e duración.
- Poden impartirse en horario completo (*full-time*) ou en horario parcial (*part-time*).
- Contan con compoñentes teóricos e prácticos pero, sobre todo, buscan potenciar no estudante as competencias demandadas polo mercado laboral.

Especialista universitario

- O seu obxectivo fundamental é a ampliación de coñecementos teóricos e prácticos nunha materia.
- Cada universidade determina os requisitos de acceso aos diferentes títulos, se ben o normal é que estean dirixidos a licenciados e enxeñeiros.
- A duración mínima é de 200 horas (20 créditos).

Diploma de posgrao

- A titulación mínima de acceso que se esixe, como regra xeral, é unha diplomatura ou enxeñería técnica, aínda que cada universidade pode determinar uns requisitos específicos.
- A duración debe ser superior a 200 horas (20 créditos).

Experto universitario

- Vai dirixido fundamentalmente a profesionais.
- O seu contido afonda de forma práctica en aspectos concretos dunha determinada materia ou campo de traballo.
- A duración non pode ser inferior a 200 horas (20 créditos).

Outros

- Cursos de formación complementaria, de extensión universitaria, seminarios de formación continua, etc.
- Todos teñen unhas formulacións diferentes e unha duración menor que os explicados anteriormente, se ben, nalgunhas institucións, aparecen ao lado da formación de posgrao.

3.3 PANORÁMICA XERAL DA FORMACIÓN DE POSGRAO EN ESPAÑA

Nos últimos anos, os estudos de posgrao experimentaron un notable aumento en España. Segundo os datos do informe *Infoempleo 2003*, a oferta de programas de posgrao presentou un aumento continuo nos últimos anos. Así, o número deste tipo de cursos ofertados en España incrementouse desde 1999 nun 64%.

Táboa 1. Evolución da oferta de posgrao en España

	1999	2000	2001	2002
Número de cursos	1.126	1.267	1.519	1.849
Incremento anual		12,5%	19,9%	21,7%

Fonte: *Informe Infoempleo 2003*

Para comprender este espectacular crecemento, debemos ter en conta a forte demanda que hai sobre este tipo de formación.

Segundo o mesmo informe, a formación de posgrao valórase de forma explícita nun 3,7% das ofertas de emprego, valoración moi influída pola categoría profesional asociada ao posto ofrecido. Así, mentres que en tan só un 1,2% da oferta dirixida a empregados é valorada esta formación, no caso dos mandos e técnicos sitúase en torno ao 5% e ascende a case o 115 se falamos de postos directivos. Isto explica o forte atractivo para moitos novos titulados ou profesionais con experiencia, pois a formación de posgrao asóciase a maiores oportunidades de carreira profesional.

Pero o gran desenvolvemento da formación de posgrao explícase tamén polo lado da oferta. Ata o momento, e como xa comentamos, os cursos de posgrao en España carecen de calquera tipo de regulación oficial, ao tempo que operaron segundo as leis do mercado. Ao non existir uns requisitos mínimos comúns de tipo académico que deban cumprir todos os ofertantes (por exemplo, sobre duración e contido dos estudos, perfís do profesorado, etc.), chegouse a unha situación na que dous títulos Máster que teñan a mesma denominación poden encubrir experiencias formativas diversas e de calidade desigual, o que levou a que o elemento verdadeiramente diferenciador sexa a reputación e credibilidade da institución que imparte o curso.

O anterior, unido ao crecemento da demanda antes comentado, configurou un sector no que as barreiras de entrada foron baixas para todos aqueles ofertantes de formación que fosen "cribles". Así, fronte aos ofertantes tradicionais (universidades e escolas de negocios), nos últimos anos incorporáronse con forza colexios profesionais, grandes empresas de consultoría, etc.

Entre todos estes ofertantes, as universidades públicas tiveron unha grande importancia no crecemento das ofertas de programas de posgraο. O aumento de autonomía que lles conferiu a Lei de reforma universitaria (LRU) de 1983 ás universidades públicas, na que se contemplaba a capacidade das universidades para crearen títulos propios, é a base que permitiu ofrecer gran cantidade de programas de posgraο de todo tipo. Isto, unido á creación de novas universidades públicas en diferentes comunidades autónomas, explica o espectacular crecemento do número de programas de posgraο e da súa extensión por todo o país.

A diferenza do que acontece coa formación universitaria regulada, na que as universidades públicas teñen unha posición de clara hexemonía, con cerca do 90% da matrícula estudiantil, no ámbito dos posgraos os centros e as universidades privadas (e de maneira crecente o resto de ofertantes antes citados) desempeñan na actualidade un papel de primeira orde.

3.4 PERSPECTIVAS DE FUTURO DA FORMACIÓN DE POSGRAO

Actualmente estanse producindo unha serie de cambios que orixinarán unha profunda modificación na formación de posgraos en España tal e como hoxe é coñecida³:

- Cambios na demanda social da formación de posgraο, debidos a que a formación continua ao longo da vida profesional ten cada vez maior importancia.
- Incorporación de novas tecnoloxías aos procesos de aprendizaxe.
- Creación do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

Figura 11. Perspectivas da formación de posgraο



³ Mendoza, X., *La formación de postgrado en España: Situación y desafíos*.

Cambios na demanda social da formación de posgrao

En función dos perfís das persoas ás que se dirixen, os programas de posgrao pódense segmentar en:

- Programas para titulados universitarios sen experiencia (*pre-experience*).
- Programas para profesionais con experiencia laboral (*pos-experience*).

Esta segmentación é moi relevante, xa que o formato, os contidos e os enfoques de aprendizaxe varían significativamente dun tipo ou noutro de programa.

Gran parte dos posgraos que se ofrecen en España van dirixidos ao primeiro grupo, o de titulados con pouca ou nula experiencia laboral. Neste sentido, debe sinalarse que se está producindo un cambio na percepción social sobre este tipo de cursos, que, aínda que son valorados polas empresas, xa non se consideran unha garantía para conseguir un posto de traballo. Ademais, a caída que se está producindo desde hai uns anos no número de titulados das nosas universidades provoca un dobre efecto: por unha banda, reduce o número de potenciais demandantes de programas deste tipo e, por outra, ao graduarse menos estudantes, tamén lles resulta máis sinxelo atopar traballo, polo que os incentivos para cursar un programa de posgrao *pre-experience* son menores. Debido a todo isto, é previsible que a demanda de posgrao deste tipo amose a medio prazo un crecemento menor que o experimentado nos últimos anos.

Pola contra, a tendencia crecente, tanto en Estados Unidos como en Europa, é a dun crecemento sostido nos programas de posgrao de tipo *pos-experience*, especialmente os que se ofrecen a tempo parcial ou en formatos compatibles coa actividade profesional. Esta tendencia amósase tamén en España. Así, o informe *Infoempleo 2003* conclúe: "de maneira progresiva, a formación de posgrao é vista como garante de empregabilidade, estando orientada preferentemente cara a perfís con experiencia. Polo contrario a visión do posgrao como elemento de inserción para titulados perde importancia".

O feito de que a formación se estea convertendo nunha actividade necesaria durante a carreira profesional, está impulsando a demanda de programas de posgrao que se dirixen a participantes de maior idade e experiencia. Neste sentido, a tradicional distinción entre a formación de posgrao e a formación continua estase a difuminar coa aparición de programas híbridos como os Executive MBA.

Incorporación das novas tecnoloxías nos procesos de aprendizaxe

Segundo o informe *Infoempleo 2003*, nos últimos anos estase a producir un desenvolvemento importante das novas canles ou modalidades de impartición, destacando especialmente Internet e outros soportes dixitais, como os CD interactivos. Así, o peso dos programas presenciais sobre o total da oferta baixou do 100% en 1997 a algo menos do 73% no ano 2002.

A creación do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES)

O Espazo Europeo de Educación Superior vai transformar de maneira significativa a configuración actual do sector da formación de posgrao en España. No futuro tratarase de harmonizar a estrutura universitaria existente en España co resto de países pertencentes ao Espazo Europeo de Educación Superior. Este espazo consolidouse a consecuencia da Declaración de Bolonia de 1999, pola que os Quince propoñen establecer un sistema de titulacións universitarias homoxéneo que favoreza as posteriores oportunidades de traballo e aumente a competitividade internacional do sistema educativo europeo. O obxectivo é que a nova estrutura universitaria estea implantada na súa totalidade no ano 2010.

Con este obxectivo, o Ministerio de Educación elaborou catro proxectos de Real decreto de desenvolvemento da Lei orgánica de universidades que están sendo analizados no Consello de Coordinación Universitaria:

- Proxecto de RD polo que se establece a estrutura das ensinanzas universitarias e se regulan os estudos oficiais de grao.
- Proxecto de RD polo que se regulan os estudos universitarios oficiais de posgrao e a obtención e expedición dos títulos oficiais de Máster e Doutor.
- Proxecto de RD sobre homologación de plans de estudo e títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.
- Proxecto de RD polo que se regulan as condicións de homologación e convalidación de títulos estranxeiros de educación superior.

O primeiro, que regula a obtención do nivel de grao (arquitecto, licenciado e enxeñeiro), presenta como gran novidade o establecemento da duración dos estudos en catro anos como regra xeral (tres, nalgúns casos). Ademais, auméntase ata un 70% o número de créditos requiridos. Estes títulos substituirán aos actuais de primeiro e segundo ciclo e o seu obxectivo é axeitalos á demanda social do actual mercado de traballo.

O proxecto de Real decreto sobre regulación de posgrao introduce o título de Máster no ámbito das titulacións oficiais con validez en todo o territorio nacional. Así, as universidades españolas poderán elaborar programas de posgrao encamiñados a obter os títulos de Máster. Esta titulación dirixese a dotar o alumno dunha formación avanzada e especializada nun ámbito concreto. Para a obtención do Máster será necesario estar en posesión do título de grao ou equivalente. Os estudos terán, como mínimo, 60 créditos, e 120 como máximo, comprendendo unha parte de formación académica avanzada e outra de iniciación á investigación ou especialización profesional. Os estudos de posgrao, tanto de Máster como de doutorado, tamén regulado por este proxecto, someteranse ao réxime de prezos públicos que establezan as comunidades autónomas no ámbito das súas competencias. En canto ao título de doutorado, podemos salientar que se simplifican

os trámites para a admisión e defensa de teses de doutoramento, favorecendo ademais a mobilidade entre departamentos e universidades.

O proxecto sobre aprobación de plans de estudo axiliza os trámites para a aprobación das propostas de plans de estudo, as cales, unha vez emitido un informe favorable polas comunidades autónomas que correspondan, deberán ser aprobadas polo Consello de Coordinación Universitaria nun prazo máximo de 6 meses.

En canto ao último proxecto (homologación de títulos estranxeiros), establece un novo procedemento para os títulos universitarios a fin de axilizar o proceso. Este proxecto adopta un novo concepto do termo "homologación", entendendoo non como equiparación absoluta dos títulos, senón como "equivalencia" entre a formación recibida no estranxeiro sobre unha disciplina concreta e a recibida en España.